
CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACCIÓNS EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN A TRAVÉS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Santiago de Compostela

REUNIDOS:

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, de 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro (DOG nº 243, do 21 de decembro), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do establecido nos seus estatutos e do nomeamento como reitor polo Decreto 57/2018, do 31 de maio, (DOG nº 106 de 5 de xuño), actuando en nome e representación da devandita entidade.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que ostentan, e recoñecéndose mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio,

EXPOÑEN:

1. Que a recuperación da nosa lingua depende en gran medida do apoio que lle presten as institucións e entidades, contribuíndo así á súa difusión e ao proceso de normalización lingüística.



2. Que para a potenciación do emprego do galego (artigos 5º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e 6º.3 da Lei de normalización lingüística) cómpre dispor de estudos sobre diversos eidos da lingua galega, que contribúan a protexela, promovela e modernizala para que sexa un medio de comunicación eficiente en cada momento.

3. Que o Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 27.20, a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega.

4. Que a Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) é unha entidade que leva a cabo actividades de investigación, docencia e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e ten como un dos seus fins o de procurar o seu enraizamento na sociedade galega que a sustenta e, en xeral, contribuír ao seu desenvolvemento social, económico e cultural.

5. Que os ditos fins son apoiados e compartidos pola Consellería de Cultura e Turismo (en diante consellería) e que, con data do 11 de febreiro de 1993, foi creado o Centro de Investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro, modificado o seu nome polo Decreto 330/1997, do 13 de novembro (DOG nº 227, do 24 de novembro), polo que pasa a denominarse Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en diante centro), co fin de levar a cabo tarefas de estudo filolóxico e conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que permitan unha investigación profunda da nosa historia lingüística e literaria, que ademais de garantir a utilidade da lingua galega na sociedade actual, sirvan, asemade, de soporte para outros investigadores.

6. Que, posto que os seus intereses son concorrentes e perseguen a obtención dunha finalidade común, a USC e o CRPIH veñen colaborando desde o ano 1995 (sinatura do primeiro convenio) no desenvolvemento conxunto de actuacións de investigación relacionadas coa lingua e a literatura galegas, para o cal xa se formalizaron diversos convenios de colaboración de xeito ininterrompido -o cal amosa un destacado compromiso das partes en continuar cooperando en materia de investigación lingüística.

Así, a USC é quen dispón dos coñecementos necesarios, en clave de visión xeral do nivel actual do estado das investigacións, para propiciar contornas de colaboración tendentes a favorecer unha axeitada continuidade dos proxectos de investigación en curso que se desenvolven no centro.



7. Que, co propósito de que as tarefas encomendadas ao centro acaden resultados axeitados, a consellería desexa continuar contando coa colaboración dos investigadores de maior reputación con que contamos en cada un destes ámbitos e dadas as particularidades e características específicas dos proxectos de investigación de que se trata, tendentes a indagar e afondar sobre a identidade colectiva de Galicia e sobre estudos lingüísticos, literarios e filolóxicos galegos -co fin de contribuír a un maior prestixio e a unha crecente normalización da lingua galega- tendo en conta que os departamentos de Filoloxía da USC contan con recursos tecnolóxicos axeitados e con destacados investigadores de recoñecida capacidade científica -en relación á natureza dos proxectos incluídos no anexo deste convenio- os obxectivos perseguidos non poderían acadarse co mesmo nivel de excelencia nun escenario de concorrência pública.

8. Que é interese das partes asinantes, no marco da colaboración establecida, incorporar novas perspectivas, co fin de reforzar o obxectivo de facilitar un servizo de carácter público e marcado interese xeral, ampliando o alcance e a accesibilidade dos traballos e resultados da execución destes proxectos, facendo deles unhas ferramentas modernas e eficaces de referencia científica mediante a introdución e mellora, en termos de alcance, no manexo de novos usos asociados ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

9. Que a USC dispón de investigadores de valía profesional e prestixio recoñecido que se dedican sectorialmente á realización deste tipo de actividades e cos que se pode establecer un espazo común de intereses no eido da investigación, que permiten a utilización da figura do convenio de colaboración como fórmula negocial apropiada para articular as súas relacións, dado que non se manifesta nunha contraposición de intereses, senón que se trata de establecer unha colaboración institucional para levar a cabo unha actuación en resposta de obxectivos compartidos e os intereses de ambas as dúas partes teñen por causa a consecución dun fin común (a investigación lingüística, literaria e antropolóxica que potencie o prestixio crecente da lingua galega, así como a súa canalización, difusión e proxección) en beneficio da comunidade.

Así mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 6 –“*Convenios e encomendas de xestión*”-, da Lei 9/2017 de 8 de novembro de 2017 de contratos do sector público, este caso considérase excluído e plenamente aplicable á figura do convenio de colaboración



debido ás prestacións de investigación e desenvolvemento que, con respecto aos proxectos incluídos no anexo do presente convenio, van ser levadas a cabo por parte da Universidade e que son susceptibles de se incluír no punto 1, apartados b) e c) do citado artigo.

10. As partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación dos obxectivos previstos no Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, e tamén para o desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico que aprobou o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016 para acadar a dinamización plena da lingua galega, neste caso, no ámbito universitario apoiando a realización de actuacións de investigación lingüística e promovendo unha percepción positiva, afable e actual do noso idioma co fin de conseguir que sexa unha lingua viva que teña continuidade no tempo.

Por todo isto, a consellería e mais a USC establecen o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira. Obxecto do convenio

O fin último desta cooperación é o de desenvolver proxectos de investigación que sexan estratéxicos para a garantir a utilidade da lingua galega en todos os ámbitos da vida actual e de proxectos que sexan de investigación fundamental e substancial para outros investigadores.

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería e a USC, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, para proseguir co desenvolvemento das actividades do programa de accións en materia de



investigación, especialmente no ámbito lingüístico, que se está levando a cabo no CRPIH que se recolle no anexo citado na estipulación segunda que forma parte do convenio.

Segunda. Obrigas da USC

As actividades que ha desenvolver a USC en colaboración co centro, recóllense no ANEXO I ao presente convenio onde se especifican os traballos que se realizarán en cada unha das accións que conforman o programa de investigación.

A USC cooperará coa consellería e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística na realización das actividades do programa de actuacións en materia de investigación científica do centro e comprométese a realizar -a través dos seus investigadores- os distintos proxectos que nel se desenvolven:

PROXECTO TERMINOLOXÍA CIENTÍFICO-TÉCNICA (TERMIGAL).
PROXECTO BASE DE DATOS DO ATLAS LINGÜÍSTICO ROMÁNICO (ALIR)
PROXECTO BIBLIOGRAFÍA INFORMATIZADA DA LINGUA GALEGA (BILEGA)
PROXECTO CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA/XIADA)
PROXECTO CORPUS DOCUMENTALE LATINUM GALLAECIAE (CODOLGA)
PROXECTO DICCIONARIO GALEGO- ITALIANO / ITALIANO-GALEGO
PROXECTO ARQUIVO GALICIA MEDIEVAL (ARGAMED)
PROXECTO LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA
PROXECTO PROSA LITERARIA
PROXECTO CANTIGAS DE SANTA MARÍA
BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA DA LITERATURA GALEGA MEDIEVAL (BIRMED)
PROXECTO DICCIONARIOS DE LITERATURA
PROXECTO BIBLIOGRAFÍA DA LITERATURA GALEGA
PROXECTO INFORME ANUAL DE LITERATURA GALEGA
PROXECTO LITERATURA INFANTIL E XUVENIL
PROXECTO DIMENSIÓNS DA IDENTIDADE COLECTIVA DE GALICIA

A USC colaborará na realización das distintas accións que integran este programa de investigación cunha contribución en especie, consistente en horas de dedicación á investigación, que serán as estimadas para a consecución dunha axeitada execución das actuacións.



A estes efectos, a valoración económica da devandita contribución equivalería ó resultado do cálculo –en horas- sobre a retribución dun docente investigador -catedrático de universidade (T.C.)-. En consecuencia, a Universidade asumirá, pola súa conta, a cantidade de **42.140,00 €** derivada dos custos do seu persoal docente investigador, distribuída en dúas anualidades (2020 e 2021), por un importe de **21.070,00 €** cada unha.

Ademais, a USC adoptará as actuacións de soporte técnico necesarias que permitan un intercambio de datos, co fin de contribuír a un mellor desenvolvemento das investigacións, en termos de alcance.

A USC deberá cumprir coas estipulacións xurdidas do vínculo xerado coa celebración do presente convenio no xeito e termos establecidos.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura e Turismo

A Consellería ha de propiciar a participación dos profesionais especialistas do CRPIH e a súa contribución activa nos proxectos obxecto de investigacións conxuntas.

Contribuirá á difusión e divulgación dos resultados das investigacións, co fin de canalizar e proxectar os estudos resultantes, con efectos sobre o conxunto da sociedade en xeral e dos profesionais especializados, en particular, non só no ámbito autonómico, senón tamén no nacional e mesmo no internacional.

Facilitará a transferencia de coñecemento científico propio do CRPIH nas áreas temáticas obxecto das investigacións.

Velará polo cumprimento das disposicións, que han de ser executadas no xeito e termos establecidos, en favor do patrimonio público.

A consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización destas accións cunha achega económica de **279.220,00 €**, repartidos en dúas anualidades coa seguinte distribución:

*Exercicio 2020: **139.610,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 11.40.151A.640.1*



*Exercicio 2021: **139.610,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 11.40.151A.640.1*

Estas cantidades só cubrirán o custo da realización das actividades, polo que non levan asociado ningún beneficio económico para USC.

Para atender os compromisos de gasto derivados das accións establecidas existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria sinalada, dos presupostos xerais da comunidade autónoma para os citados exercicios orzamentarios.

O pagamento, en recibindo a certificación correspondente dos traballos de investigación realizados, efectuarase en catro entregas repartidas do seguinte xeito:

- 1ª.- 69.805 € (1 de xuño de 2020)
- 2ª.- 69.805 € (1 de novembro de 2020)
- 3ª.- 69.805 € (1 de xuño de 2021)
- 4ª.- 69.805 € (1 de novembro de 2021)

Cuarta. Custo total do convenio

Tendo en conta as obrigas da USC, relacionadas na cláusula 2ª, e as da consellería, estipuladas na cláusula 3ª, o custo total do convenio ascende a unha cantidade de trescentos vinte e un mil trescentos sesenta euros **321.360,00 €**, distribuídos anualmente tal e como se recolle no Anexo II.

Quinta. Libramento

Para recibir as achegas da Consellería de Cultura e Turismo que se indican anteriormente, a USC entregará na Secretaría Xeral de Política Lingüística, antes das datas indicadas, a seguinte documentación:

- Certificación por duplicado do/da xerente da universidade que acredite a execución das actividades do convenio ao longo do exercicio correspondente, xunto coas pertinentes notas de cargo emitidas polo servizo que lle corresponda á USC para a súa tramitación, así como unha relación valorada das horas dedicadas a cada unha das accións do programa de investigación.



- Unha vez executadas as actividades do convenio, e antes do 1 de decembro de cada ano, os investigadores responsables destas emitirán por duplicado unha memoria detallada das actuacións realizadas.

No caso de que a acreditación dos custos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase na mesma proporción.

A USC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Antes de proceder á sinatura do presente convenio e do seu pagamento, a USC deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Sexta. Propiedade ou titularidade dos traballos e publicidade

A propiedade, titularidade e uso dos traballos será común polas partes e só poderán usalos para os fins de cada una delas sempre de xeito gratuíto.

Nas actuacións informativas e divulgativas, nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio ou cando a USC ou calquera dos investigadores que participe nas actividades obxecto deste convenio desexe utilizar os resultados acadados para a súa publicación, deberán facer constar, nun lugar destacado, a colaboración da



Consellería de Cultura e Turismo, a través do CRPIH, e da USC, para o que se usarán os anagramas aprobados pola normativa de imaxe corporativa de ambas as institucións.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Sétima. Regulación da participación dos investigadores

A participación dos investigadores da USC nas actividades recollidas no presente convenio, efectuarase conforme á regulamentación propia da USC recollida nos seus estatutos e no Regulamento de cursos de especialización e convenios, e de acordo coa Lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades.

Oitava. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co contemplado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Novena. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia durante os anos 2020 e 2021, sen posibilidade de prórroga, e poderá ser denunciado por calquera das partes asinantes por incumprimento do que nel se establece, cunha antelación dun mes polo menos, e a consellería poderá, se fose o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para a súa realización.

Décima. Comisión de seguimento

Crearase unha comisión de seguimento das accións obxecto do presente convenio-facultada para proporlles ás partes as resolucións de cantas dúbidas xurdan na súa



execución- presidida polo secretario xeral de Política Lingüística e integrada polo catedrático de Filoloxía Románica da USC, investigador principal e coordinador deste convenio, e polo secretario do Consello científico e executivo do CRPIH, que actuará como secretario da mesma.

Décimo primeira. Responsabilidades das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Décimo cuarta.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sexta. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan este convenio.

Pola consellería de Cultura e Turismo

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Román Rodríguez González

Antonio López Díaz



ANEXO I

As actividades de investigación que ha desenvolver a USC, ás que se fai referencia na cláusula segunda do presente convenio de colaboración, relaciónanse a continuación:

1. ÁREA DE LINGÜÍSTICA

1.1. LINGÜÍSTICA COMPUTACIONAL

ACCIÓN 1.1.1

PROXECTO TERMIGAL (Servicio Galego de Terminoloxía Científico-Técnica).

As áreas de traballo nas que se incidirá no período 2020-2022 artículanse arredor de tres eixes principais:

1. **Estudo da terminoloxía puntual.** O Servizo de Terminoloxía Galega dispón dun servizo de consultas a través do cal calquera persoa ou entidade pode formular as súas dúbidas acerca dos equivalentes galegos de distintas voces especializadas. O estudo destas consultas permite detectar os baleiros denominativos existentes e a súa pronta resolución contribúe a potenciar o uso das linguas de especialidade en lingua galega. No convenio subscrito darase continuidade á atención das consultas puntuais, tanto as recibidas no propio servizo como as xestionadas a través da Área de asesoramento lingüístico da Secretaría Xeral de Política Lingüística ou os servizos de normalización lingüística de concellos e determinados organismos. As propostas terminolóxicas serán enviadas periodicamente ao Seminario de Terminoloxía da Real Academia Galega para o seu estudo e, unha vez aprobadas, serán publicadas no banco terminolóxico TERGAL, accesible no enderezo www.cirp.gal/tergal. Paralelamente, enviaranse ao Seminario de Lexicografía listaxes con aquelas voces de carácter semiespecializado ou pertencente á lingua xeral para a súa incorporación ao Dicionario da Real Academia Galega (DRAG), contribuíndo deste xeito á actualización do repertorio de referencia do galego coas novas voces detectadas.

2. **Estudo da terminoloxía sistemática.** No Servizo de Terminoloxía Galega desenvólvense distintos recursos destinados á recompilación dos termos empregados nas distintas áreas de coñecemento. Neste período continuarase coa revisión dun dicionario do fútbol que reúne as voces e as expresións referidas aos elementos do campo, os participantes, as accións de xogo e os posibles resultados. Colaborarase coa Academia de Farmacia de Galicia na elaboración dun repertorio sobre a terminoloxía



deste ámbito, cun primeiro traballo relativo aos produtos sanitarios á venda nos establecementos farmacéuticos. Poñerase en marcha a realización dun vocabulario sobre o léxico das partes dun libro e a terminoloxía da encadernación. Darase continuidade aos acordos de colaboración asinados con distintos organismos para a realización de tarefas de creación ou revisión terminolóxica, así como de avaliación da calidade lingüística dos proxectos que se analicen.

3. Difusión da terminoloxía. Entre as actividades relativas á difusión da terminoloxía, é preciso destacar o banco terminolóxico TERGAL, alimentado diariamente cos rexistros procedentes dos traballos puntuais ou sistemáticos e que permite aos usuarios atopar os equivalentes galegos para un amplo volume de termos. Na actualidade, este recurso conta con 30.000 conceptos e preto de 200.000 termos e espérase que experimente un crecemento aproximado do 5% anual. Á parte dos proxectos de terminoloxía sistemática e da atención ao servizo de consultas sobre problemas denominativos, especialmente do ámbito científico e técnico, durante os anos 2018 e 2019 continuarase alimentando a base de datos TERGAL, proseguirase co fornecemento para a Comisión de Validación da Real Academia Galega do estudo previo dos termos sobre as linguas de especialidade que se estean a tratar, e continuarase co labor de revisión e correccións de vocabularios de especialidade elaborados fóra de Termigal.

PROXECTO BASE DE DATOS DO ATLAS LINGÜÍSTICO ROMÁNICO (ALiR)

Continuación cos labores de investigación asociados á elaboración do Atlas Lingüístico Románico e de elaboración, revisión e enriquecemento da base de datos dialectais que reúna o léxico deste proxecto.

O labor do proxecto da Base de datos do ALiR está estreitamente vinculado ao desenvolvemento do proxecto europeo de elaboración do *Atlas Linguistique Roman*. Os labores fundamentais que se levarán a cabo no bienio 2020-2021 serán os seguintes:

A introdución na Base de datos do ALiR de todos os datos relacionados co último volume do Atlas Linguistique Roman, que acaba de ser publicado hai un mes.

En relación con estes mapas levarase a cabo o estudo e sistematización de todas as denominacións, coa incorporación de:

- denominación en cada punto
- transcripción fonética
- elementos constitutivos da denominación (radical + prefixos + sufixos)
- categoría gramatical
- estudo etimolóxico
- clasificación motivacional, etc.

Creación dunha base de datos externa, que permita a consulta pública e a explotación da información introducida. Esta base servirá non só para os dialectólogos, lexicógrafos,



expertos en historia da lingua e etimoloxía, e lingüistas en xeral, senón tamén para todo aquel que desexe obter información relativa ás denominacións nas linguas románicas de conceptos diversos, coñecer as motivacións polas cales a un determinado concepto se lle aplicou unha denominación concreta, coñecer a orixe etimolóxica de cada unha das denominacións, analizar a frecuencia de determinados sufixos, etc.

Seguirase tamén contribuíndo á elaboración do Atlas Lingüístico Románico, mediante a redacción das síntesis nacionais referidas ao galego dos conceptos que se traballen dentro deste proxecto europeo nestes dous anos.

Participar activamente nas reunións anuais do Atlas Linguistique Roman e na revisión das sínteses románicas para garantir a corrección e calidade dos datos referidos á lingua galega.

ACCIÓN 1.1.2

PROXECTO CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL E ETIQUETADOR /LEMATIZADOR DO GALEGO ACTUAL (CORGA/XIADA)

Estes recursos computacionais abertos e dispoñibles en liña son sumamente importantes para o desenvolvemento de estudos do galego dende múltiples perspectivas: morfolóxica, léxica, sintáctica, discursiva, terminolóxica, fraseolóxica, incorporación de neoloxismos, fixación da normativa etc. Así mesmo, con este proxecto a lingua galega consolídase no mundo das novas tecnoloxías e no do procesamento da linguaxe natural e sitúase ao mesmo nivel das linguas peninsulares e na vangarda da lingüística computacional.

A versión 3.1 (publicada en abril de 2019) -dispoñible para a súa consulta en liña no enderezo <http://corpus.cirp.gal/corga->, consta de 40.178.271 millóns de palabras, das que algo máis de 595.000 son formas diferentes, pertencentes maioritariamente a distintos tipos de textos escritos representativos do galego actual, mais tamén inclúe 25 horas de transcricións ortográficas de programas de radio variados nas que se aliña o texto coa voz. Así pois, o CORGA é un corpus representativo do uso da lingua galega actual que abrangue dende 1975 ata a actualidade, que está codificado na linguaxe estándar XML e que se enriqueceu coa etiquetaxe morfosintáctica automática de todos os textos que o conforman, realizada co Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA).

Entre as novidades que achega a versión 3.1 destacan: i) a compleción textual do lustro 2010-2014; ii) o recoñecemento automático das formas con grafías innovadoras que promoven unha linguaxe inclusiva; iii) a implementación do hiperlema na modalidade de consulta por elementos gramaticais para minimizar a variación gráfica nos lemas; iv) a recuperación centrada no parámetro *interlocutor*; e v) a liberación do código do etiquetador xunto cos recursos que este emprega, contribuíndo á disposición pública e libre de ferramentas de procesamento da linguaxe natural.

Non obstante, dispoñer destas posibilidades de procura no sistema de consultas implicou traballos de peso, tanto cualitativo coma cuantitativo, no etiquetario e no dicionario que manexa o etiquetador XIADA, dado que foi preciso implementar no lexicón as



desinencias que amosan as grañas innovadoras. Así mesmo, houbo que ampliar o etiquetario coas novas etiquetas, en concreto 71, resultantes da integración das formas con grañas innovadoras que promoven unha linguaxe inclusiva. Por último, relaciónanse directamente no lexicón, un a un, os lemas semellantes que presentan variación gráfica formal a través do hiperlema e impleméntanse as desinencias para os plurais non normativos, mais presentes nos textos.

Sen dúbida, as características máis sobresaíntes do corpus son a representatividade do estadio de lingua actual, o seu coidadoso deseño e codificación e mais a etiquetaxe automática dos seus textos, o que permite a recuperación de datos a través de información lingüística: elementos gramaticais, lemas, hiperlemas, etiquetas, trazos morfolóxicos, ou calquera combinación destes cos distintos parámetros de clasificación dos documentos que constitúen o corpus. A isto debe sumarse o feito de que o CORGA presenta un motor de buscas excepcionalmente potente, co que, en suma, se sitúa o galego na vangarda dos corpus lingüísticos.

Agora ben, co fin de situar o galego no mesmo nivel das linguas peninsulares e na vangarda da lingüística computacional, cómpre continuar desenvolvendo o proxecto. Por un lado, mediante a preparación e incorporación de novos documentos ao corpus, para progresivamente aumentar o seu volume textual e conseguir que siga sendo representativo do uso do galego actual, e polo outro mellorar as posibilidades de recuperación de información.

Neste sentido, no 2020 e 2021, continuarase coa incorporación de textos de procedencia escrita correspondentes ao lustro 2015-2019, mais tamén coa incorporación das transcricións de programas de radio da década 2010-2019, para acadar a representatividade dese período. Porén, entendemos que é importante ademais centrarse nos seguintes puntos:

1. Desenvolver novas funcionalidades de busca no sistema de consultas do CORGA: coaparicións, procuras por autor, obra, nómina de autores e obras incluídos no corpus e mesmo por sexo do autor.
2. Ampliar, na modalidade de consulta por proximidade, ata 5 o número de elementos que na posición 1 e na posición 2 poden concorrer na distancia especificada polo usuario (de 1 a 10).
3. Reducir o tamaño da base de datos e implementar un sistema caché para un acceso máis eficiente e rápido.

Doutra parte, dado que o CORGA debe estar etiquetado e lematizado automaticamente para facilitar a recuperación e extracción de información tanto por forma gráfica como por lema e etiqueta, é preciso dispor dun etiquetador. Con esta finalidade desenvólvese un proxecto paralelo denominado Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (XIADA), ferramenta coa que se etiquetou a versión 3.1 do CORGA (versión actualizada en abril de 2019). O etiquetador precisa, para inferir a gramática do galego, un corpus de adestramento desambiguado manualmente que, xunto con outros recursos de tipo lingüístico, serve para etiquetar automaticamente todo o CORGA. Para mellorar a



calidade da etiquetaxe do CORGA e dado que o etiquetador segue un modelo estatístico, a investigación para os anos 2020 e 2021 debe centrarse en:

1. Desenvolver un módulo de detección de nomes propios e unidades multpalabra para o etiquetador XIADA, co fin de facilita-lo seu recoñecemento automático.
 2. Identificar automaticamente e revisar á man os nomes propios do tipo título, co fin de detectalos e facilita-lo seu recoñecemento automático.
 3. Mellorar a etiquetaxe automática mediante a introdución de novas entradas, modificacións nos grupos de derivación existentes para dar cabida a desinencias non normativas presentes nos textos e construción de novas regras lingüísticas.
 4. Construír regras para a lematización automática de formas descoñecidas: diminutivos en *-iño*, superlativos, adverbios en *-mente*...
 5. Resolver problemas de lematización ante formas e etiquetas idénticas pero con distinto lema: tema de pretérito de *ir* e *ser*.
 6. Incorporar novas funcionalidades na ferramenta de xestión do lexicón: lemas repetidos con paradigma diferente, lema recomendado, especificación da normatividade da raíz etc.
- Naturalmente, o labor lingüístico das epígrafes anteriores require de mantemento, actualizacións e implementación computacional.

PROXECTO BIBLIOGRAFÍA INFORMATIZADA DA LINGUA GALEGA (BILEGA)

BILEGA é unha base de datos que contén información bibliográfica sobre os traballos de investigación, divulgación ou opinión dedicados ao idioma galego nas diferentes fases do seu desenvolvemento histórico. Os rexistros da base de datos ofrecen a historia editorial completa dos documentos referidos, así como información verbo do seu contido e sobre as recensións e notas de publicación a que deron lugar. Ademais de edicións impresas, as referencias bibliográficas inclúen edicións dixitais, nomeadamente as difundidas a través da Internet para as que se achega, sempre que for posible, a URL na que atopar o documento en cuestión -tanto do texto coma das recensións-. Está constituída por dúas táboas: BILEGA (que contén as entradas bibliográficas) e REVISTAS (que contén os datos das publicacións periódicas citadas na primeira).

A versión 3.0, presentada o 30 de agosto de 2019, está dispoñible para a súa consulta en liña no enderezo <https://www.cirp.es/w3/bdo/bdo-bilega3.html>. No momento actual (22 de novembro de 2019) conta con 20327 rexistros bibliográficos -localizados na táboa BILEGA- e 1421 rexistros de revistas -que se poden atopar na táboa REVISTAS-.

No bienio 2020-2021 realizaranse algunhas tarefas relacionadas coa propia ferramenta:

- 1- Introdución manual do ID
- 2- Introducir a opción de busca por *Datos adicionais*
- 3- Vincular as dúas táboas (REVISTAS e BILEGA).



4- Buscas por Actualización.

Atendendo á base que está a disposición dos usuarios, sinálanse como principais traballos pendentes:

1- Buscas pola ID do rexistro.

2- Discriminar por seccións dentro do campo de busca *Datos adicionais.*

3- Discriminación outras buscas *Enfoque e Período.*

4- Data de actualización: a habilitación deste campo como un valor máis para a busca.

5- Buscas por lingua

6- Activación de operadores de comparación para as buscas complexas.

7- Guía de uso

8- Actualización información: revisión e actualización dos documentos incluídos na *Info[rmación] adicional.*

En canto ao contido está previsto:

1- Continuar coa actualización e revisión dos rexistros: unha das claves para que BILEGA siga na vangarda das bases bibliográficas. É fundamental o repaso continuado para garantir a corrección da ficha e da información ofrecida aos usuarios, asegurando, por exemplo, que as URLs, a norma empregada, os datos achegados etc. son correctos e totalmente actualizados. Ademais desta supervisión constante, tamén está programada a revisión dos rexistros e a elaboración do resumo daqueles casos nos que aínda non haxa ou nos que se considere que pode ser máis completo.

2- Incrementar o volume textual da base: isto implica coñecer, localizar e seleccionar os diferentes traballos que van ser incorporados á base de datos no próximo bienio. Estes serán sometidos a un proceso de lectura a partir do que se elabora a síntese do seu contido e a ficha correspondente, creando o arquivo que vai ser incorporado como novo rexistro á BILEGA. Estes textos a incrementar -actas de congresos, artigos, monografías, teses de doutoramento etc.- corresponden coas publicacións correspondentes aos anos que van dende o 2019 ao 2021.

3- Incorporación de novos rexistros.

Arestora, a base de datos alberga algo máis de 20.000 rexistros, que conteñen 48.277 asentos bibliográficos para os que se implementaron 163.432 valores de busca nos campos tema, enfoque, período, variedade de lingua, ámbito, tipo de traballo, lingua do documento e na sección de identificadores do campo documento. Na inclusión de novos traballos ou de novas edicións de traballos xa referenciados na BILEGA, considérase fundamental seguir a explorar a rede Internet para identificar novas edicións dixitais en liña, das que arestora xa están incluídas as referencias dunhas 18.000.



ACCIÓN 1.1.3

PROXECTO CORPUS DOCUMENTALE LATINUM GALLAECIAE (CODOLGA)

O Corpus Documentale Latinum Gallaeciae é un corpus textual con documentación latina medieval relacionada con Galicia no período cronolóxico que abrangue desde o século VI ata o XV, ambos inclusive.

As súas investigacións van encamiñadas á recompilación e estudo de documentos en latín referidos a Galicia desde o século VI ao XV, e edición e publicación dos mesmos nun corpus textual nunha base de datos denominada GALADOC que se actualiza anualmente.

Despois de publicar en rede o número 13 (2016) de CODOLGA, para o que se engadiron 1.307 novos documentos, súmase xa un total de máis de 13.000 documentos do entorno da Gallaecia postos a disposición dos investigadores, estudosos e interesados pola lingua, cultura e historia de Galicia. A situación é a seguinte, a piques xa de se publicar o número 14 (decembro de 2017) de CODOLGA:

Nº documentos novos no 2016: 1316 ; no 2016, 672 e, no 2017, 1.121

Total de documentos publicados na rede: 14.920 (nº 14)

Engadiranse tamén no novo número tres textos de fontes históricas importantes: Gesta Berengarii; Crónica Najerense; Chronicon Mundi de Lucas de Túi.

É de salientar o feito da estreita colaboración estes anos de CODOLGA e os outros proxectos derivados do noso, como CODOLCAT: *Corpus Documentale Latinum Cataloniae*, que se inscribe no proxecto *Glossarium Mediae Latinitatis Catalonia* (GMLC), centrado na documentación notarial e textos literarios, xurídicos e científicos escritos en latín e producidos no ámbito catalán entre os anos 700 e 1250 (<http://gmlc.imf.csic.es/codolcat/>). Tamén é fillo de CODOLGA o *Corpus Documentale Latinum Portucalense* ou CODOLPOR, que pretende poñer á disposición do público os documentos medievais do territorio portugués escritos en latín anteriores ó ano 1200 (<http://codolpor.ul.pt/>), e o *Corpus Documentale Latinum Valencie* (CODOLVA), que ten o obxectivo de crear unha base documental de textos latinos do Reino de Valencia, así como realizar edicións críticas da documentación diplomática, e analizar as interaccións entre a lingua latina e as vernáculos coas que convive (<https://web.ua.es/va/codolva/corpus-documentale-latinum-valencie-codolva.html>).

Estes grupos de investigación (CODOLGA, CODOLCAT, CODOLPOR e CODOLVA) teñen traballado de forma colaborativa dende os seus inicios, e este traballo culminou na creación da rede de excelencia ***Corpus Documentale Latinum Hispaniarum***, coordinada dende a Universitat de Barcelona, e enmarcada no «Programa Estatal de Fomento de la Investigación Científica y Técnica de Excelencia» (Subprograma Estatal de Generación de Conocimiento, 01/01/2017-31/12/2018).



Continuarase a traballar na preparación da nova documentación latina medieval para o seu estudo e incorporación nos próximos números do proxecto CODOLGA, seguindo un camiño sistemático baseado nos datos do CODIPHIS (García de Cortázar, José Ángel, José Antonio Munita y Luis Javier Fortún: *Codiphis. Catálogo de colecciones diplomáticas hispano-lusas de época medieval*. 2 vols. Santander: Fundación Marcelino Botín, 1999) e na bibliografía específica galega máis relevante.

Por outra banda seguirase a preparar a edición propia dos *Documentos reais anteriores ó ano mil*, que está xa moi avanzada pero aínda chea de dificultades.

Un dos obxectivos prioritarios para o novo bienio é a preparación de tódolos materiais cara á migración a unha nova plataforma e entorno informático máis áxiles, que favorezan o labor do equipo de traballo e a consulta da base de datos por parte dos usuarios.

Outro dos grandes obxectivos é a integración funcional da rede **Corpus Documentale Latinum Hispaniarum** que permita a comparación dos resultados, e dos datos galegos mesmos, fronte ós das restantes bases de datos vinculadas ó noso proxecto.

1. 2. LEXICOGRAFÍA CONTRASTIVA

ACCIÓN 1.2.1.

PROXECTO DICCIONARIO GALEGO- ITALIANO / ITALIANO-GALEGO (GALITA).

Plan de actividades de traballo previsto (2020-2021)

- 1) Continuar cos procedementos necesarios para a redacción de arredor de 3.000 voces do dicionario (GALITA).
- 2) Revisión e corrección das entradas do dicionario xa redactadas anteriormente.
- 3) Proceso de actualización do programa iGALITA (versión 27 febreiro de 2019).

Actividades científicas de tema lexicográfico

- 1) Redacción e participación activa -a maioría das veces presentando comunicacións ou conferencias- en congresos, seminarios e encontros..
- 2) Incrementar a colaboración e participación con novos grupos e redes de investigación de tema lexicográfico, como por exemplo:
 - Grupo de investigación Italianística (GI-1791). I.P.: Isabel González (Universidade de Santiago de Compostela).
 - Grupo de investigación interuniversitario LICEI. I.P.: Félix San Vicente (Università degli Studi di Bologna, Italia).
- 3) Divulgación, sobre todo, no aspecto contrastivo entre a lingua galega e a italiana.



2. ÁREA LITERATURA

2.1. LITERATURA MEDIEVAL

ACCIÓN 2.1.1

PROXECTO ARQUIVO GALICIA MEDIEVAL (ARGAMED)

Este Arquivo constitúe unha referencia internacional para os investigadores da literatura galega medieval, principalmente polas bases de datos *MedDB* (Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa e *BiRMED* (Bibliografía do Referencia do Arquivo Galicia Medieval), que seguen a ser un dos obxectivos primordiais do proxecto.

Ademais, en 2019, púxose en rede un novo recurso no que se levaba traballando máis dun ano para implementar o seu deseño e materialización: trátase dunha serie de publicacións dixitais que leva, precisamente, o nome de *ARGAMED* e que xa puxo en rede o seu primeiro número (<http://www.cirp.gal/w3/argamed/>). Este recurso non exclúe que algúns traballos derivados do macroproxecto sigan vendo a luz baixo forma impresa, pero a finalidade fundamental desta serie é, ademais de axilizar os procesos de publicación e optimizar os recursos económicos, dar a maior visibilidade e capacidade posible de acceso aos estudosos a todos aqueles recursos e contidos que forman o núcleo das investigacións que se están a realizar no Centro.

Para o período 2020-2021, ademais de manter as liñas de traballo habituais, está prevista a realización de polo menos dous congresos e algúns seminarios relacionados co conxunto de proxectos que se integran en ARGAMED.

Á súa vez, forman parte deste macroproxecto (**Argamed**), outros catro proxectos diferentes:

PROXECTO LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA

Nacido co obxectivo de proporcionar instrumentos de traballo fiables e de fácil acceso para os estudosos da lírica galego-portuguesa, na súa primeira fase recompiláronse case 1.700 cantigas que integran o corpus e, posteriormente, procedeuse a preparar o material para convertelo nunha base de datos que se puxo en rede en 1998 e que, actualmente, vai pola súa terceira versión: (*MedDB* v.3, 2016; última actualización: Versión 3.6.1 abril de 2019). Esta base de datos está en proceso permanente de revisión, actualización (con atención aos estudos e edicións que se van publicando) e mellora no seu rendemento.

Ao mesmo tempo, deseñouse unha base de datos para incorporar a bibliografía sobre a nosa lírica trobadoresca, con posibilidade de buscas temáticas mediante o recurso a palabra clave e coa inclusión dun índice de citas, que deu lugar á actual *BIRMED* (véxase máis abaixo).



No próximo bienio, MedDB experimentará unha modificación completa dos contidos correspondentes a “trobadores”, porque cómpre dar conta de todos aqueles datos inéditos que os investigadores sacaron á luz nestes últimos anos. Ademais, están aparecendo novas edicións críticas que é imprescindible revisar e contrastar coas que se ofrecen como de referencia na base de datos, ademais de incorporar a información relativa a todas elas. Preténdese tamén, neste sentido, introducir enlaces que conecten directamente a información resumida que se ofrece sobre a bibliografía coas entradas de BiRMED.

Unha novidade importante será a incorporación dun LEMARIO que axilizará as buscas lexicográficas ao reducir as diferentes formas e grafías rexistradas nas edicións a un lema común.

Pero, sen dúbida, a principal achega deste proxecto será a posta en marcha da nova ferramenta na que se está a traballar, unha ferramenta totalmente innovadora nos ambientes especializados para fortalecer de maneira particular os estudos de lírica galego-portuguesa: trátase da implementación dunha base de datos que recolla as transcripcións de todos os testemuños da lírica trobadoresca (uns 3.000 documentos en XML, cun total de case 62.000 versos), sobre os que se poderán facer buscas combinadas de moitos tipos, na súa pretensión de que sexa referente de prestixio a nivel internacional.

PROXECTO BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA DA LITERATURA GALEGA MEDIEVAL

Ante a envergadura da elaboración, revisión e actualización das bases de datos MedB e BiRMED, procedeuse a crear un novo proxecto que terá como obxectivo a revisión completa e actualización da base de datos *BiRMED* ('Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval'), que contén, entre outras causas a posibilidade de coñecer as citas recibidas polos traballos que a compoñen.

Tamén se responsabilizará da incorporación de novas opcións de consulta na pantalla de busca e de recuperación da información, máis sinxelas e intuitivas, e de novas ferramentas que suporán un salto cualitativo nas bases de datos dedicadas aos estudos literarios, para o que é preciso, continuar actualizándoa, revisar os posibles erros que conteña e proceder a redeseñar parcialmente as pantallas de buscas e resultados, ademais dalgunha das etiquetas dos documentos en XML.

PROXECTO PROSA LITERARIA

Este proxecto pretende conservar e difundir a través de edicións impresas e electrónicas os textos en prosa escritos en galego durante a Idade Media. Ten como obxectivo prioritario a edición, estudo, caracterización e anotación das obras medievais que integran o xénero que dá título ao proxecto.



No próximo bienio, esta sección de ARGAMED continuará cos obxectivos indicados nos período anterior, en especial, seguirase con (i) a actualización da bibliografía que se está publicando e incorporaranse novas fichas á base de datos BirMED, e (ii) o estudo de diferentes aspectos da obra dos *Miragres de Santiago*. Ademais, procederase á publicación dixital dun breve manual con información sobre os textos que conforman o repertorio da prosa literaria galega medieval atendendo tanto á prosa xurídica, científica, como á de ficción. Esta información pretende ser un achegamento preciso, científico e actualizado que dea conta das edicións dos textos conservados e dos principais estudos publicados ata o momento e, ao mesmo, daranse indicacións sobre o seu soporte formal do / dos códigos, das características técnicas que presentan, do contexto da súa composición e dos trazos textuais máis importantes.

Por outra parte, seguimos proxectando a elaboración dunha nova ferramenta dixital que poña en servizo unha base de datos da prosa literaria galega medieval que contemple elementos relevantes e significativos para os estudosos, como poden ser personaxes que aparecen, topónimos, etc.

PROXECTO CANTIGAS DE SANTA MARÍA

O *Proxecto Cantigas de Santa María* incorpora a parte de poesía relixiosa á lírica profana, tanto no que respecta aos textos afonsinos á MedDB, como á complementación da base de datos bibliográfica. O proxecto aspira a atender tamén os outros dous aspectos fundamentais desta obra literaria: o estudo musicolóxico e o iconográfico. Ata agora non existe unha aproximación exhaustiva a este monumento literario baixo esta triple perspectiva, que se vería completada coa dixitalización íntegra dos cancioneiros.

Para finais de 2021 preténdese:

- Ter a transcripción paleográfica do código dos músicos (RBME J-B-2), que é o código que contén toda a colección, con máis de catrocentas cantigas. O modelo a seguir é a transcripción paleográfica do Código de Florencia (B.R. 20), que xa está en rede (<http://www.cirp.gal/w3/argamed/>), constituíndo o primeiro número do recurso ARGAMED posto en marcha en 2019.
- Comezar coa etiquetaxe dos textos en XML coa intención de que a actual ferramenta que sacará á luz PalMed integre tamén os textos da poesía relixiosa que se estaba compoñendo ó mesmo tempo e no mesmo centro de produción de boa parte da poesía profana. Con esta extensión ofrecerase unha visión máis completa da poesía medieval galego-portuguesa, porque as buscas combinadas incluírán tamén a lingua das CSM.
- Estará deseñada unha ferramenta informática que combine toda a información filolóxica e outra de carácter máis xeral que temos recollida ó longo dos últimos anos. A posta a disposición do público só será posible cando se completen as tarefas anteriores para todos os cancioneiros das CSM.

2.2. LITERATURA CONTEMPORÁNEA



ACCIÓN 2.2.1

PROXECTO DICCIONARIOS DE LITERATURA

O proxecto Dicionario de Literatura consiste na elaboración dun gran dicionario xeral de termos literarios, que inclúe voces do campo da Retórica, Métrica, Semiótica, Poética, Narratoloxía, Ciberliteratura, Hermenéutica, e outras disciplinas de coñecemento que interseccionen coa literatura, prestándolle unha atención detallada aos novos paradigmas teóricos, en especial aqueles que teñen que ver coa nova realidade tecnolóxica e dixital, e os cambios a nivel sociocultural, relacionados coa produción e recepción de literatura e outras artes, que levan a canda si.

Ao tempo, aínda que neste Dicionario xa son integrados exemplos e referencias concretas da literatura galega, en relación coa literatura universal, mantense o proxecto de Dicionario vinculado a este campo literario concreto. Fronte á intención inicial de elaborar un gran dicionario xeral de literatura galega, optouse por parcelar máis o campo e comezar a pensar en dicionarios para cada unha das etapas asentadas pola periodización establecida pola historiografía contemporánea da literatura galega: Rexurdimento, Irmandades da Fala e Nós, Ditadura, Restauración democrática, etc. (1). Despois de rematarse a redacción, está a traballarse na revisión do Dicionario sistémico-literario do Rexurdimento, e ao tempo, a elaborarse unha base de datos que permita a súa consulta a través de Internet.

Unha vez rematada a edición do terceiro tomo do Dicionario de Literatura (I-M) no 2019, e implementadas certas melloras na páxina web, particularmente no tocante ao deseño e visibilización da páxina e ao reconto estatístico das visitas e actualizacións, o 2020 e 2021 dedicáranse á redacción de voces para o cuarto volume (probabelmente, N-P(2.)), á implementación de melloras, en paralelo, na base de datos.

PROXECTO BIBLIOGRAFÍA DA LITERATURA GALEGA

Este proxecto pretende reunir do xeito máis exhaustivo posible toda a información relacionada coa literatura galega contemporánea, dende 1800 até a actualidade, para a súa posterior publicación. A orientación actual está na dirección de confluír co proxecto *Informes de literatura*. Preténdese continuar cos labores de selección, compilación e revisión da base de datos. De momento, só é accesible para os distintos proxectos do Centro, pero estase a traballar para ampliar a súa dispoñibilidade.

PROXECTO INFORME ANUAL DE LITERATURA GALEGA

O proxecto recolle nun informe anual, toda a produción literaria en galego (narrativa, poesía, teatro, ensaio, crítica; literatura infantil e xuvenil; literatura de transmisión oral;



Literatura Medieval; revistas; premios) que se rexistre en libros, revistas ou prensa (tanto en papel como electrónica). Este informe elabórase dende o ano 1995 e pretende apoiar a investigación, difundir esta información e observar a construción do sistema literario galego dende todos os ámbitos da comunicación literaria.

No traballo do informe recompílanse todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais etc.

Ofrécese un comentario descriptivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano como das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo.

A partir de agora, o Informe de Literatura editarase exclusivamente como publicación electrónica en liña.

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN EN LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Este proxecto, creado a finais do ano 2012, acolle os traballos que anualmente realizan sobre Literatura Infantil e Xuvenil galega e doutros ámbitos lingüísticos a Rede Temática "As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIXMI); a Asociación de Investigadores en Literatura Infantil e X/Juvenil (ELOS), ELOS-GALICIA. Asociación de investigación en Literatura Infantil e Xuvenil e o Grupo de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela LITER2I (GI-1819) que conta entre as súas liñas de investigación "Literatura Infantil e Xuvenil. Investigacións literarias, artísticas, interculturais e educativas".

Deste proxecto, naceu no CRPIH a Rede Ibérica de Literatura Infantil e Xuvenil, da que forman parte especialistas de toda a xeografía lingüística da península e que celebran un congreso todos os anos no CRPIH.

Realización de tarefas de difusión relacionadas directamente co ámbito da literatura infantil e xuvenil do marco ibérico e iberoamericano e organización de seminarios internacionais sobre o a mesma.

Participación activa en actividades científicas e publicacións resultantes dos traballos de investigación levados a cabo.

3. ÁREA DE ANTROPOLOXÍA

ACCIÓN 3.1

PROXECTO DIMENSIÓNS DA IDENTIDADE COLECTIVA DE GALICIA



O Proxecto Dimensións da Identidade Colectiva en Galicia desenvolverá no período 2020-2021 dous eixos centrais de investigación:

- 1.- Remate do atlas socioelectoral de Galicia a nivel de localidade e mesa electoral.
- 2.- Inicio dunha nova xeira do proxecto centrada na análise específica do papel das emocións na configuración da identidade política de Galicia, a partir de enquisas deseñadas especificamente para abordar este aspecto moi desatendido nos estudos identitarios



ANEXO II

O custo total do convenio, coas achegas correspondentes de ambas as partes asinantes, distribuirase anualmente do seguinte xeito:

Accións	Achega Consellería 2020	Achega Consellería 2021	Contribución USC 2020	Contribución USC 2021
1.1.1.	36.980,00 €	36.980,00 €	2.740,00 €	2.740,00 €
1.1.2.	69.720,00 €	69.720,00 €	3.360,00 €	3.360,00 €
1.1.3.	12.100,00 €	12.100,00 €	2.360,00 €	2.360,00 €
1.2.1.	2.626,00 €	2.626,00 €	1.874,00 €	1.874,00 €
2.1.1.	12.932,00 €	12.932,00 €	4.528,00 €	4.528,00 €
2.2.1.	5.252,00 €	5.252,00 €	1.708,00 €	1.708,00 €
3.1.	0,00 €	0,00 €	4.500,00 €	4.500,00 €
TOTAL ANUAL	139.610,00 €	139.610,00 €	21.070,00 €	21.070,00 €
TOTAL CONVENIO BIANUAL	279.220,00 €		42.140,00 €	

